

Resolución do 20 de maio de 2021 do Tribunal designado pola Orde do 31 de marzo de 2021 (DOG núm. 65 de -8 de abril), que deberá cualificar o proceso selectivo para o acceso nos corpos da Policía Local de Galicia, quendas de acceso por promoción interna e por mobilidade, convocado pola Orde do 8 de xullo de 2020 (DOG núm 137 do 10/07/2020)

En sesión que tivo lugar o día 20 de maio de 2021, o tribunal designado pola Orde do 31 de marzo de 2021 (DOG núm. 65 de -8 de abril), que deberá cualificar o proceso selectivo para o acceso nos corpos da Policía Local de Galicia, quendas de acceso por promoción interna e por mobilidade, convocado pola Orde do 8 de xullo de 2020 (DOG núm 137 do 10/07/2020)

ACORDOU:

1. Feito o desenvolvemento e lectura da segunda proba da fase de oposición, segundo o establecido na base 5.2 da convocatoria, acórdase publicar na sede da Agasp e na súa páxina web, como Anexo I a esta resolución, a listaxe de persoas aspirantes coas cualificacións obtidas na segunda proba por orde decrecente de puntuación.

2. De acordó co establecido na base 5.3.7 da convocatoria, as persoas aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas á súa cualificación, no prazo de cinco días, que se contarán desde a publicación desta resolución.

As persoas admitidas neste proceso selectivo están obrigadas a relacionarse electrónicamente coa administración, polo que as alegacións deberán presentarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Tal e como establece a base 8.8 da convocatoria, os acordos adoptados polo tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 d eoutubro.

A Estrada, 20 de maio de 2021

A presidenta do tribunal

Maria Ramos Canosa

